

# SUMARIO

---

<i>Editorial</i>	2
<i>Infantil</i>	3
<i>Os de 1º investigan</i>	10
<i>Varios de 2º</i>	14
<i>Entrevistas dos nosos reporteiros</i>	16
<i>Noticias diversas</i>	19
<i>As letras galegas (María Mariño Carou)</i>	21
<i>A nosa comarca</i>	23
<i>Contos, poesías e historias</i>	26
<i>Monográficos</i>	32
<i>Pasatempos</i>	33
<i>Carta dunha despedida</i>	38

## EDITORIAL

---

*Un ano máis, o xornal do "Fogar" -feito polos nenos, para os nenos e para os non tan nenos- sae a rúa, tentando condensar nun feixe de páxinas todo un ano escolar, diversas celebracións, a festa da nosa fala e a lembranza dun dos "pais" da nosa lingua e da nosa identidade, Manuel LUGRÍS, e ademáis toda unha morea de sensacións que se acobillan tras ducias e ducias de xornadas escolares.*

*Un ano máis, novas xeracións de nenos chegan a este Centro para iniciar a formación académica que vai ser o alicerce do seu proxecto educativo de futuro, e outros nos deixan tras moitos anos de compartir ledicias, tristuras, momentos excelentes e algúns non tan bós...*

*E un ano máis tamén novos mestres que -coa dificultade que a sociedade do noso tempo impón coma unha terrible tiranía a esta profesión- gastan o mellor do seu entusiasmo e a súa vida por ser "alfareiros" dos rapaces e rapazas que enchen as aulas deste Colexio.*

*Mais pensando sempre no futuro con optimismo queremos saudar en primeiro termo aos alumnos de sexto nivel que vanse incorporar en setembro ao Instituto. Para eles a noraboa por rematar a Primaria, e a mellor da sorte para esa nova andaina que van comezar agora.*

*Lembrade que aquí sempre teredes o voso "Fogar".*

*Tamén aproveitar para saudar aos novos mestres que este ano incorporanronse no Centro (Isaura, Zaida, Carmen, Teresa, Jose, Angeles Pacoret, María Castro, Marta, Cristina, Antonio), e que tanta ilusión e alegría teñen aportado. E neste intre cómpre non esquecer a un grande mestre que este curso despídese da profesión despois de preto de corenta anos de servizo, vaise Don Sindo... ¡simplemente moitas gracias por todo o que tes ensinado e pola túa amizade, sempre disposto a botar unha man e sempre cun sorriso para alumear o día!...E naturalmente saudar tamén a Bibi, a nosa nova Administrativa, excelente profesional e persoa, que nus meses xa gañou o corazón de todos nos, que este ano veu a ocupar o posto que deixou a inesquecible Mar, unha grande compañeira e amiga.*

*E xa para rematar un derradeiro saúdo para os pais que xunto cos seus fillos se incorporan por primeira vez á vida do Centro. Animalos a participar na vida escolar e a ser referentes básicos no apoio ao labor que desenvolven os profesores.*

*E agora a ler. Ler paseniñamente os traballos feitos con agarimo e interés polos rapaces. É un traballo que paga a pena.*

# !!! Bienvidos a infantil !!!

*Este ano somos máis que nunca: xa somos tres clases de tres anos.  
¡Ímonos presentar!  
Na clase de Elena temos:*



*Na clase de Ángeles:*



*E na clase de Cristina:*



*Este ano levamos feitas moitas cousas. Co outono ademáis da caída das follas, celebramos o magosto e puxémonos de castañas ata arriba.*





*E tamén celebramos o samaín. Nunca o fixeramos antes pero resultou moi divertido.*



*Vacíamos unhas cabzas e logo metemos unhas candeas dentro e daban moito medo, pero somos moi valentes ...*



*Despois veu o Nadal, e fixemos todos os adornos da árbore.*



*¡Mirade que ben nos quedou!*

*Coma todos os anos apareceron polo colexio, nada máis e nada menos que, os Reis Magos e déronnos un regaliño a cada un e nós deixámoslles as nosas cartas.*



*¡¡¡ Que bos que son estes Magos!!!*



*Cando chegamos das vacacións de Nadal fixemos un corazón xigante porque era o día da paz e queríamos celebralo todos xuntos.*



*Axiña chegou a festa dos disfraces, o entroido, e pasámolo pipa, porque pasou por todo o colexio o mandadiño que nos ía dicindo cada día o que tiñamos que traer da casa. Era un pouco mandón, pero obedecímoslle ben a gusto.*



*E a festa final: o desfile de modelos, cos disfraces última moda forestal.*



*Non podemos esquecernos das saídas. Os de 4 anos fomos ó Forum Metropolitano de A Coruña.*






*E os maiores de 5 anos a Bonilla onde ademáis de ensinarnos a fábrica déronnos patacas fritidas e un zume.*


*Pero aínda quedan outras... os de 4 anos, se non chove esta vez, iremos á Torre de Hércules e ó Castelo de San Antón.*

*E xa para rematar o curso, iremos todos xuntos e montaremos en tren. ¿A que parece divertido?*



# UMA VISITA AOS BOMBEIROS

Completa debucando



Agora que sou bombeiro infantil,  
apagarei este lume.





2007 ano da ciencia. Ano do sol

Os científicos de 1º curso reúnen-se para pensar





Científicos de todas partes do planeta visitannos para seguir as nosas investigacións.



A aula científica de 1º proponnos este soleado test

1. O sol é  
A: Un planeta.  
B: Unha estrela.  
C: Un cometa.
2. O movemento da Terra arredor do sol chámase:  
A: Transmutación.  
B: Transplantación.  
C: Traslación.
3. A Terra tarda en dar unha volta ao sol  
A: 365 días.  
B: 1 día.  
C: 3.045 días.
4. O Avco da vella sae cando  
A: A noitece.  
B: Vai nexas.  
C: Chove e loce o sol.
5. Vemos o sol máis grande que as estrelas porque...  
A: O sol é moi grande.  
B: As estrelas están máis lonxe.  
C: O solponse diante.



6. ¿Quem pintou o cadro "O sol vermello?"

- A: Pablo Picasso
- B: Joan Miró
- C: Luís Seoane



7. As sombras prodúcense

- A: Cando non hai luz
- B: Para facer borrazcos na parede
- C: Porque a luz non atravesa os corpos.

8. ¿Cando mide menos a túa sombra?

- A: Ao amanecer
- B: Ao mediodía
- C: Ao solpor.




9. ¿Cómo se chamam os corpos que non deixan pasar a luz?

- A: paquitos
- B: orgánicos
- C: opacos

10. O sol é unha fonte de

- A: luz
- B: calor
- C: enerxía



Cociña e fregaderiro solares



Avión que funciona con enerxía solar

Os nosos estudos científicos permítenos dar resposta a todas estas cuestións.





Pero mira que da voltas este maquinillo



Pois funciona




Soluções ao desafio feat  
1B-2C-3A-4C-5B-6B-7C-8B-9C-10ABC

Hola amigos: chamome Maria Vorden

e vou en 2ºA, a miña prof  
chamase Carmen. Este ano fomos de  
excursion A Coruña, a ver unha  
opera había moitos nomes porque  
tamén foron os do colexo Antai ect.  
A mim gustame moito.

Despois saíxamos nun parque.

? E porque non ves, ti?



## ANIMAIS

### ASOMBROSOS "OKAPI"



¿Que é?

É un ruminante que vive na selva do norte do Congo

¿Como é?

A forma do seu corpo é como a dunha xirafa. Mide 2 metros de lonxitude, 1,5 metros de altura e pesa 250 kilos. O seu pelo é roxo. As patas e os glúteos teñen raias negras e brancas, semellante a unha cebra. Ten unha longa lingua prensil coa que pode limparse as orellas. Ten moi agudizado o sentido do olfato e do oído. Deféndese dando coces.

¿De que se alimenta?

É vegetariano, come follas, ramas tenreas, frutos e brotes.

¿Como vive?

Son animais solitarios, de carácter esquivo é moi cauteloso. Durante o día durmen. Teñen costumes nocturnas.

O único predador que lle pode dar caza é o leopardo.



## Cuidado das crías

As femias paren unha única cría tras unha xestación de casi 15 meses.

As crías máis xovenes non diferencian a súa nai das outras femias polo que poden ser adoptadas por outras okapis en caso de perder a súa proceditora. Viven sobre 30 anos.



## Curso 2ºc.

María Añón Mallo.

Tania Sanjurjo Rodríguez

Patricia Fernández Bella.

Juan José Antunes Martín

Valentina Varela Aguer



Chove na clase.

O luns día 5 de marzo, ó chegar a clase, os nenos e nenas de 2ºB encontrámonos con que dumba das esquinas do teito caía auga. O solo estaba todo mollado, e dous armarios tamén.

Tivemos que tirar moitas fichas que se mollaron.

As señoras da limpeza botaron servizo e o pasar o mal tempo viñeron os do Concello a arrancar as paredes por fóra.

Así rematou o problema.



# OS PROFES CONFÉSANSE

Un grupo de nenas e nenos de 3º B, Manuel, Gabriela, Estela, Tamara, Iván Gundín, Adriana, Paula, Diana Mourín, Diana Puñal e Gabriel someten a un "hábil interrogatorio" a algún pai, persoal non docente e profes. Consideramos que algunhas das respostas poden ferir a sensibilidade do lector por iso a nosa recomendación é que deixen de ler o que segue. Ogallá que a curiosidade non os venza.



## Entrevista a **María Figueroa**

- \_ Cantos anos tes? Teño 45 anos.
- \_ Cantos alumnos tes? Este curso teño vinte e catro alumnos.
- \_ Gústanche os nenos? Si
- \_ Por qué decidiches ser mestra? Porque me gusta este traballo.
- \_ Se puideses cambiar de colexio ¿faríalo? Si estivese cerca da miña casa, si
- \_ Tes algún alumno preferido? Non
- \_ Cantas cuncas de azúcar levarías á lúa? Ningunha.

## **Celestina** (axudante de cociña)

- ¿ Cantos anos tes? 38anos
- ¿ tes fillos ou fillas? Si, dous una nena e un neno
- ¿cómo se chama ¿ Alejandro e Leticia
- ¿ Cantos anos levas no colexio? 7 meses
- ¿ Gústache ser cociñeira ¿ si, moito.
- ¿ Cal e a túa comida preferida? Ensaladilla.
- ¿ Cando naciches? O 7 de febreiro de 1968
- ¿ Que equipo de fútbol é o que che gusta? O Deportivo

## **María José Plana**

- Cantos anos tes? Corenta e seis anos
- Que che gustaría que os nenos dixesen de ti? Que son unha boa profesora.
- Gústache ser profesora de infantil? Si, si, si, moito.
- Con que che gusta estar máis: cos nenos pequenos ou cos grandes? Con todos.
- Cantos anos estiveches neste colexio? Oito anos.
- Cando empezaches a traballar? Cando cumprín vinte anos.
- Tes fillos? Si, dous varóns.
- Como se chaman? Jacobo e José Luis.
- Antes de vir a este Colexio, onde estiveches? Er Zas, Cambre, Oleiros, Coruña, Mesía, Muros ... e en algúns máis, pero xa non me acordo.

## **Angeles Ferro**

- A ti que che parece: es guapa ou fea? Pero ti que cres? Eu son GUAPÍSIMA.
- Por que fas esas maseses tan sexi, sexi ...? Porque son moi boas para a saúde mental.
- Góstache ser tan provocativa? Ás veces.
- Aí! Case se me esquece. ¿Cantos anos tes? Moitos. (Segue a entrevista a Angeles e agora preguntan Adriana e Paula de 3º B)
- Por que quixo ser mestra? Porque me gusta traballar con ananos, quizás quixen imitar aos meus pais, que tamén eran mestres.
- Cantos anos tiñas cando empenaches a sermestra? Tiña vinte e dous anos.
- Cal é o teu mellor recordo? Hai moitos. Sempre recordas con alegría aos alumnos que traballaban con ganas e sacan bos resultados. Eles tamén se acordan con cariño.
- E o peor recordo? O apuro que pasei o meu primeiro día de clase como mestra. Eran rapaces de 8º de E.X.B., máis altos ca min, e sorprendéronse de que eu fose a súa profe.
- Cantos anos leva ensinando? Levo xa trinta anos, pero aínda non son vella.
- Que curso está dando? Sexto de Primaria.
- Dos cursos que deu, cal lle gusta máis? >Góstanmeos de 5º e 6º, porque xa non son pequenos, pero tampouco moi maiores.
- Deu clases noutras escolas, en cales? Si. Estiven en Málaga, en Pontevedra e agora nesta levo xa moito tempo.
- Que materias da? Aínda que a miña especialidade son as matemáticas, agora en Primaria dou tamén lingua, galego e medio.
- Cal lle gusta máis? Sen dúbida, as matemáticas.
- Que lle gusta facer no seu tempo libre? Góstame moito ler e facer encrucillados.



## **Liso**

Na clase de 3º B decidimos que xa era hora de coñecer un pouco máis a fondo a algunha das persoas que máis nos fan rir e que máis nos axudan. Queredes coñecer os gustos que ten Liso? Prestade atención á entrevista!

-Como chegou a ser conserxe? Porque fixen un exame e, por sorte, aprobei e destináronme aquí.

-Cantos anos tes? Cincuenta e dous.

-Cantos anos leva de conserxe? Vou para catorce anos.

-Cal é a túa comida preferida? Patacas fritas con ovos.

-Está casado? Si, vou facer vinte e nove anos que estou casado; son moi feliz.

-Cantos fillos tes? Un, de vinte e dous anos.

-Gústache ser conserxe? Si, moito porque me gustan moito os nenos.

-Gústache coidar dos nenos? Si, moito.

-Cal é o exercicio que máis che gusta facer? Camiñar e nadar.

-Onde náceche? Na rúa do Lagarto, hoxe Doutor Fleming.

-Cantas chaves hai no Colexio? Cento setenta e dúas.

-Usas uniforme? Si.

-Cal é a primeira porta que abres? A porta da entrada.

-Que horario tes? Empezo ás 9:00 e acabo ás 18:30, non sendo os luns e os xoves que acabo ás 18:45.

## **Entrevista a un pai futbolista, Marcos Castiñeiras (pai de Gabriel)**

-A que anos comezaches a xogar ao fútbol? Aos catorce anos.

-En que equipo? No Bergantiños Xuvenil.

-Cantos anos xogaches no Bergantiños? Tres tempadas.

-En que outros equipos xogaches? No Bértoa, Sofán, Verdillo, Malpica, Coristanco e o Nantón.

-En que posto xogabas? Eu son defensa!

-Cal foi a máxima goleada na túa carreira deportiva? Foi xogando o Coristanco co Carnota: trinta e dous a un.

-Gañaches algún título algunha vez? Gañei dúas Ligas da Costa, unha co Bértoa e a outra co Nantón.

-Tiveches moitas lesións? Si, tiven varias.

-Cal foi a máis grave? Foi unha rotura de ligamento no xeonllo.

-A que anos te retiraches? Aos trinta e nove xogando co San Lorenzo de Verdillo.

-Aínda xogas algo ao fútbol? Si, cos veteranos de San Román.

## **A Miguel Gordillo**

-Cantos anos tes? Cincuenta e seis.

-De cantas clases es profesor? De 3º B de Primaria.

-Cantos fillos tes? Teño dúas fillas.

-Como se chaman? María e Trini.

-Cantos anos teñen as túas fillas? María, vinte e catro e Trini, Trinta.

-Antes de ser profesor fuches outra cousa? Sempre traballei como profesor.

-En cantos colexios traballaches? En Boimorto, Sofán, Bergantiños e Fogar.

-Góstanche os Simpson? Prefiro a Pink Panther.

# ENTREVISTA

*Hoxe faremoslle unha entrevista á delegada provincial de Cultura e deporte da Coruña, Milagros Lantes Seara.*

*¿Canto tempo levas sendo delegada?*

*Dende setembro de 2005*

*¿Que é o que máis e o que menos che gusta do teu traballo?*

*O que máis e que te relacionas e coñeces a moita xente. O que menos me gusta e non poder participar e colaborar en todos os proxectos que che presentan.*

*¿Qué cargo che gusta máis, cultura ou deporte?*

*Como cargo non está separado cultura de deporte, como áreas diferentes que son complementanse e non ten porque ser nin máis interesante cultura e o deporte.*

*¿En que colexio estudaches?*

*Empecei na escola que lle chamábamos de doña Isabel que estaba na praza de Alfredo Brañas, despois fun para a escola do xardín (onde está hoxe a ludoteca) e cando se inaugurou o FOGAR, eu estaba en 4º de E.X.B, e fixen no FOGAR, ata 8º, despois fun para o instituto Alfredo Brañas.*

*Sabemos que antes eras profesora, por eso che vamos a*

*Facer esta pregunta:*

*¿Gústanche os nenos?*

*Era, son e espero volver a ser profesora porque me gusta traballar con nenos e nenas.*

*Xa que eres delegada de cultura, ¿Qué tipo de libros nos recomendarías?*


*Todos os libros son interesantes para ler.*

*Autoras:*

*Sara Pérez Lantes*



*Raquel Varela González*



## ENTREVISTA AO DIRECTOR DO C.E.I.P. FOGAR.

**Sabemos que este ano vai xubilarse por iso decidimos facerlle unha pequena entrevista.**

**¿Gústalle traballar aquí?**

*Si, levo en Carballo trinta anos neste Centro e nunca intentei cambiar aínda que tiver posibilidades.*

**¿Cómo fixo para ganar o aprecio de tantos nenos?**

*Intentando ser amigo deles, e que en todo momento tiveran confianza en que o que lles digo e sempre a verdade e que os problemas que poidan ter sempre foron escoitados.*

**¿Cantos anos leva de director?**

*Vinte e dous anos en dúas etapas:*

*Na primeira desde o curso 76-77 ata o 83-84.*

*E a segunda dende o ano 92 ata o 30 de xuño de 2007.*

**Como agora vai xubilarse ¿que pensa que vai botar de menos?**

*Primeiro ao pobo de Carballo porque xa levo 30 anos vivindo nel e polo tanto aos compañeiros, alumnos e moitos amigos que ao longo destes trinta anos fixen.*

**¿Cre vostede que lles deixou unha ensinanza aos nenos do Fogar?**

*Espero que si, polo menos esta foi a miña intención.*

**¿Tal e como vostede lles ensinou cousas aos nenos, ¿cre que os nenos lle ensinaron algo a vostede?**

*Por suposto que si, eu teño a idea de que todo o mundo ten algo bo e polo tanto debemos aprender del sexa da idade que sexa.*

**¿Pensa que o colexio será igual cando vostede non o dirixa?**

*Espero que sexa aínda mellor, as persoas que se van facer cargo son uns bos profesionais.*

**Necesitase paciencia para este traballo?**

*Moita, desde fóra todo parece moi bonito pero hai que solucionar moitos problemas día a día.*

*¡Moitas grazas señor director!*

*Bárbara Varela García*

*Eliana Macarena Docampo Ferreira*

## O CAMBIO CLIMÁTICO

*O cambio climático é un grave problema que afecta á terra e ao noso país.*

*O Polo Norte estase derretendo e o xeo transfórmase en auga. Por iso as augas do mar soben de nivel dun xeito alarmante. Disque dentro dunhas décadas pódense ver anegadas varias provincias que están preto do mar. É, polo tanto, moi importante o aforro de enerxía e non gastar moita luz, auga, televisión, calefaccións, etc., facendo un uso responsable.*

*A sostenibilidade da enerxía é unha solución que se está adoptando e da que temos que concienciarnos todos.*

*María Caamaño e  
Lorena Serrano 4ºC*

## HAI 250.000 NENOS SOLDADOS

*Dous millóns de nenos morreron a consecuencia das guerras nos últimos dez anos. Decenas de millóns víronse obrigados a deixar os seus fogares e, nalgúns casos, os seus países de orixe. Ao menos en doce nacións os nenos serven aos exércitos. Calcúlase que 250.000 menores seguen aínda sendo explotados como nenos soldados por grupos e forzas armadas de todo o mundo.*

*Na Conferencia Internacional de París, promovida por UNICEF, 58 países comprometéronse a erradicar a práctica de utilizar aos nenos nos conflitos armados e a combater a quen sen escrúpulos os recrutan.*

*José Muñiz 4ºC*

## OS INCENDIOS FORESTAIS

Os gardas forestais vixían os montes para que non haxa incendios e coidan aos animais e ao medio ambiente. Viñero ao colexio para darnos unha charla anti-incendios. Uns gardas forestais enseñáronnos fotografías que nos fixeron pensar que hai que respetar o medio ambiente, polo noso ben. Bruno enseñounos o que pasaba nos incendios forestais: quéimanse as árbores e morre os animais. Tamén ensinaronnos que se cortas as árbores e como facerse unha ferida e pola ferida sal resina. Dixéronnos que cando teñamos problemas ou vexamos un incendio que chamáramos ao 112 ou ao 081.

## COIDA O MEDIO AMBIENTE.



*Andrea Varela Angeríz.*

*5º B.*

## O León Branco

*Só quedan 27 exemplares no mundo. A súa cor débese a un xen recesivo. Son unha mutación do león sudafricano.*

*Durante anos só algunhas tribos sudafricanas creron non león branco. Falaban dunha figura fantasmagórica. Leóns baixados das estrelas con poderes máis propios dos deuses.*

*En 1938 o animal amosouse por primeira vez ante ollos europeos. Un exemplar cruzouse fronte o camión da familia Little.*

*Ata 1970 non quedou acreditada a existencia dos leóns brancos. O parque de Timbavati xurdiu como santuario destes animais, pero o descubrimento chegou tarde. O perigo estaba na súa propia natureza, o xen debía estar en ámbolos dous proxenitores para que nacera un león branco. As posibilidades reducíanse moito.*

*En 1975, Cris McBride organizou unha expedición para capturar a tres exemplares. Grazas a isto hai agora 27.*





## AS 9 CRAKS DE BALONMÁN

As 9 craks de balonmán chámanse Victoria, Yolanda, Cristina, Alba, Ana, Ángela, Sofia, Belén e Andrea. Gañaron tódolos partidos. Foron a moitos sitios xogar. Todas eran amigas aínda que algunhas veces discutían. De cando en vez ían todas para a portería. Todas defenden e xogan bastante ben.

Ó final poden considerarse coma as mellares xogadoras de balonmán do Colexio Fogar.

6º Δ Yolanda Victoria

## KELLY SLATER<sup>5ª</sup>


\* mellor surfista do mundo \*

- Naceu en Cocoa Beach, estado de Florida, Estados Unidos de América, o día 11 de Febreiro do ano 1972.

- Gañou oito veces consecutivas o campionato do mundo de surf. Tamén é coñecido como Slats ou Slse.

### CARREIRA PROFESIONAL

- A súa aparición no mundo do surf profesional causou unha revolución sen precedentes no deporte, cambiando a forma de ver o surf profesional. Alternando períodos competitivos con períodos de surf libre, Slats ensinou o mundo novas manobras e novas elas e converteuse, sorprendentemente, nun caz, nun ídolo das masas, apoiado tamén nas súas aparicións mediáticas na serie de televisión "Los vigilantes de la playa". Ten o récord, no Surf Profesional, de campión do mundo máis veces da historia, no ano 1992 e o campión do mundo do cen máis idade, no ano 2006.



MARÍA BARCA PENSAM - 5ª A

## A pita do monte

A pita do monte ou pita montesa é unha Galinácea que se encontra actualmente en penigo de extinción, quedando algúns exemplares ao longo das zonas boscosas de toda a Cornisa Cantábrica, as Pirineas, as Alpes e o Xura. En España desde 1976 vedouse a caza desta especie, e desde 1986 ten a catalogación de especie protexida.



aínda que con isto non se conseguiu un incremento na poboación ata o momento. Ten un tamaño de 110 cm os machos, e 90 cm as femias. Vive en zonas montañosas con fragas claras e abertas de coníferas bastante vexetación herbácea, auga e baías.

Carla Queijo Varela 5ª A

## JOSÉ LUÍS COLL

A morte deste humorista e escritor afectou tanto a familiares e amigos coma ós seus fans.

Aquel home que saía co seu compañeiro Tip ao escenario con chistera e traxe facía un humor elegante e cun gran inxenio. Como escritor escribiu un dicionario chamado "El dicionario de Coll" onde se atrevía a dar significado ás máis variopintas palabras.

Foi colaborador de diversos programas de radio e televisión, e de varias revistas, onde co seu humor ácido daba a coñecer o mundo que nos rodea.

Este home quedará na memoria de todos nós. Grazas por facernos rir.

~~Alta~~  
Celia Iglesias 4-C

~~Maria Co~~  
María Casamaño 4-C



# Maria Mariño Carou

María Mariño Carou naceu en Noia no ano 1907. Filla de Xosé María Mariño e Filomena Carou, era a cuarta de cinco irmáns. A súa infancia e xuventude nesta localidade están marcadas polas dificultades económicas da familia, uns anos (poucos) de escola e o seu traballo como costureira polas casas.

O traslado a Escarabote (Boiro), onde unha tía súa traballaba de cociñeira no Pazo de Goián, que tiña unha boa biblioteca, permítelle o acceso a algunhas lecturas.

Casa en Boiro co mestre Roberto Posse Carballido e despois dun breve período tempo no País Vasco, onde morre o seu único fillo ao mes e medio de nacer, regresan a Galicia. Instálanse en Romeor do Courel e logo en Parada (por consello médico). Nese lugar pasa María Mariño o resto da súa vida, onde fai algunha viaxe a Noia, Monforte e logo a A Coruña. María Mariño comezara xa a escribir libros había seis anos. María Mariño, no último ano da súa vida, tiña leucemia. Os seus restos mortais repousan no cemiterio de Seoane do Courel.

Realizado por: Nuria Varela e Melissa García 6ºD



## MARÍA MARIÑO CAROU


Naceu en Noia, aló polo ano 1907. Foi a cuarta dos cinco fillos de Xosé María Mariño e Filomena Carou. A súa infancia e xuventude destacan polas dificultades económicas da familia. Foi poucos anos á escola e despois traballou de costureira polas casas. Este feito había provocar dúbidas sobre a autoría dos seus escritos. Os que a coñecían din dela que era estraña e solitaria.

Trasládase ao Pazo de Goián, en Escarabote (Boiro), onde unha tía súa traballa de cociñeira. É alí onde entra en contacto coa cultura, posto que accede aos libros da biblioteca do pazo.

Casa en Boiro cun mestre, Roberto Posse Carballido. Trasládanse ao País Vasco, onde morre o seu único fillo pouco despois de nacer. De volta en Galicia instálanse en Romeor do Courel, por motivos de traballo. Nestes intreos María Mariño está a sufrir unha forte depresión nerviosa, e por consello médico, van vivir a Parada. É aquí onde a escritora pasará o resto da súa vida. No Courel crúzase no seu camiño Uxío Novoneyra, e vai ser el quen promova a publicación do seu primeiro libro *Palabra no tempo*, editado en 1963. A escritora xa empezara a escribir seis anos antes, primeiro en castelán.

A escrita de María Mariño destaca por ser unha poética intimista, que expresa a relación da autora co seu entorno, sen obedecer ás normas, cunha linguaxe caracterizada por algúns estudiosos como rupturista.

Haberían de pasar máis de vinte anos, concretamente vintasete, para que se editase o seu segundo libro, tamén promovido por Uxío Novoneyra e Antón Avilés de Taramancos, e publicado polo Concello de Noia: *Verba que comeza*, que recolle unha ampla mostra de poemas que escribiu a autora durante o seu derradeiro ano de vida, xa enferma de leucemia. No ano 1994, Xerais publica a *Obra Completa*.



**POEMA Aquí che deixo, meu peito canso, aquí**

Aquí che deixo, meu peito canso, aquí

Che deixo,

aquí che deixo neste branco papel trillado, neste  
percuro as horas.

¿Quen eres-perguntaranche-, quen eres?

Son a néboa que anda soia, son o sol

que quenta as quixas, dos camiños

son farto, son o sono que rixe

mundo que verte tempo, son o berro caladiño entre arranque-brío de sono morto.

Das cousas que non se atopan

tamén son,

das ondas que soio van, van e van

delas son,

de cando veñen e vein vindo

delas son. Son o ledo daquel sono- terra de sin pisadas,

soio remaxe das cousas-.

Papel branco,

trillado,

papel,

berra,

berra entre os fortes

desde onde as miñas verbas che magoan.



## **BERGANTIÑOS: ESPAZOS PROTEXIDOS**

Na nosa comarca de Bergantiños temos varios espazos protexidos, entre eles: Monte Branco, A Lagoa de Baldaio e as Illas Sisargas.

**Monte Branco:** De volta a Corme, moi preto de Ponteceso, atopámonos co Monte Branco e a Praia de Balarés. Tomando unha estrada a dereita, pouco antes de chegar a Vila de Pondal. O Monte Branco debe o seu nome a estar cuberto de area da barra que forma o río Anllóns na desembocadura. Neste lugar podemos disfrutar dunha boa paronámica.

**Illas Sisargas:** A dureza do clima e do mar neste pequeno arquipélago da Costa da Morte, facilitou a estabilidade dunha das mellores colonias de aves mariñas de Galiza, como o cormorán e o vencello real. As Illas Sisargas atópanse no Concello de Malpica.



**A Lagoa de Baldaio:** A Lagoa de Baldaio encóntrase no Concello de Carballo. A Lagoa é unha zona importante e húmida que ten unha gran riqueza de aves. A Lagoa de Baldaio foi o humedal máis importante de Galiza. Modificado pola acción do home segue sendo unha importante zona natural. A área protexida comprende unha extensa praia de fina area, unha zona de marismas e unha lagoa litoral. As aves que hai na Lagoa son: chorlito patinegro e ánade real.

*María Ros Candal e  
Alba Añón Coteló (5º A)*



### A barquiña

Cando paso por Carballo  
sempre cruzo o río Anllóns;

quixera ter unha barca  
que me levara a Anllóns.

A barca que me levara  
había de ser branquiña,  
tería os remos de ouro,  
a vela de seda fina.

Para amarrar a barquiña  
soltaría o meu remo;  
as áncoras serán de prata,  
as cordas de terciopelo.

¡Ei vai Maruxiña!  
¡Ei vai! xa embarcou  
na súa barquiña,  
no río Anllóns.


**Marta García (4º D)**

## CANTIGAS DE BERGANTIÑOS

Din que Carballo é feo  
porque non ten balcóns,  
pero ten rapazas guapas  
que rouban o corazón.



Á ría de Lema  
non hei de volver,  
porque hai moita auga  
e podo morrer.



As rapazas de Verdillo,  
non é unha, que son todas,  
poñen tres pares de medias  
para facer as pernas gordas.

**Andrea Vilariño Ferreiro (4º D)**




## OS OLEIROS DE BUÑO

Os oleiros son persoas que traballan o barro. A mesa sobre a que traballan chámase taboleiro e ten un torno. Onte vimos como facía pratos, vasos e un cinzeiro. Alí tiña moitas cousas: un toro, moitos xarróns tiña como se dí moitas cousas. Podías comprar as cousas que ti quixeras pero non comprei nada. O oleiro que coñecimos onte chamase Aparicio. E para facer as figuras tiña ferramentas: Un coiro, un fio de pescar, dúas canas e dous pinceis. Tiña 3 fornos, 1 grande, outro mediano, e outro pequeno. Na antigüidade tiñan que meter a leña as mulleres e os homes as pezas de barro. E despois poñían unha tella que cando estaba cocida, as pezas de barro, podíanse sacar.




Desiré Barca Pérez.  
5º B.



## Día das Letras Galegas

Carballo é fermoso. No meu colexio hai nenos doutros países, porque somos un pobo acolledor. Ten dúas praias moi fermosas que son: Razo e Baldaio e hai moitos viaxeiros que venen de visitalas. Tamén temos mercados que se celebran o Xoves e os Domingos. A xente das aldeas ven vender os seus froitos. Carballo é a Capital de Bergantínos que está formado por varios concellos. Isto é Carballo.





## El sueño hecho realidad

Érase una vez un niño que soñaba con ser piloto.



Todos los días iba al campo a contemplar los pájaros y aviones.



Sus padres le regañaban porque siempre estaba distraído mirando para el cielo.



Él estudiaba mucho inglés y demás... Se pasaba día y noche estudiando.



Al fin su sueño se hizo realidad. Era un piloto de verdad. Colorín colorado, cuento acabado.



**Fernando Lantes (3º A)**



### O meu can

O meu can é peludo,  
chámase Capucho  
e é moi rabudo.

Gústame sacalo de paseo  
e vai moi ledos,  
imos polo monte  
toda a tarde, ata a noite.

Ten un irmán  
que se chama Lupi,  
os dous pásano chupi.

Comen e corren  
nunca cansan  
ata que dormen.

Laura Freijeiro Longueira

(3º C)

### O noso almorzo

O mel é moi rico  
e fano as abellas,  
tómao pola mañá  
non che crecen as orellas.

A troita é moi boa,  
tomaas tódalas mañás  
e non te arrepentirás.

Bebe un pouco de leite,  
ponlle uns cereais  
e logo traballarás máis.

Sara Varela Vilariño.

### NO VERÁN

O sol no verán  
sae máis temprán  
por iso eu gosto tanto  
e moito do verán.  
Eu gosto de ir a praia  
e retornar moi car  
O verán paso coa  
e o tempo vaise  
máis a presa.

LUZ MARINA BARREIRA VARELA

4º C

### Poesía

#### Vai un vello...

Cando eu como una sandía,  
vai un vello nun tranvía.


Cando eu como un melón,  
vai un vello nun avión.

Cando eu como unha cereixa,  
vai un vello nunha verza.

Cando eu como un churro,  
vai un vello nun burro.

E cando eu non como nada...  
vai un vello só, cunha  
cabra.

Rocío Bello (4º D)



## Festa no bosque

Nesta historia os personaxes son animais. A historia comeza nunha granxa onde un can chamado Toni foi abandonado na rúa polo granxeiro.

O can paseaba triste cando encontrou unha cadeliña chamada Laika. Toni preguntoulle se quería ir con el, e ela díxolle que si. Así xa eran dous.

Máis tarde encontraron a outros animais: un gato (Max) e unha gata (Mika). Xa eran catro.

Chegou a noite e internáronse no bosque. Viron unha morea de animais collendo comida. Semellaban cansos e aburridos. Levábana a unha cova onde estaba un oso grande, que era o rei.

- Laika, Max, Mika -dixo Toni- porque non lle pedimos ao rei do bosque se podemos organizar unha festa?

Fóronlle preguntar ao oso e este contestou: acepto, neste bosque non sucede nunca nada divertido.

Esa noite celebraron a festa. Foi un éxito. Todos os animais cantaron e bailaron.

O día seguinte o oso díxolles se querían quedar a vivir alí con eles e celebrar máis festas que o bosque estaba algo aburrido.

Desde ese momento non volveu haber ningún animal aburrido no bosque.



## Violín presumido

Érase unha vez un violín moi presumido que dicía:


-Eu son o violín, o instrumento que mellor toca da orquestra.


Os demais non facían máis que queixarse ao director o Sr. Tuba, e el díxalles:

-Tranquilos, xa lle pasará algo malo.

Despois de moito sufrir os comentarios do orgulloso violín, un día ao violín rompeulle unha corda, e deixou de tocar ben.

-Axuda, Axudaídeme! -dicía ao resto dos instrumentos. E o resto dos instrumentos axudaron, porque tiñan bo corazón. O violín prometeu non volver a presumir.



Celtia Iglesias 4°C 



## Fogar



Nun país chamado  
España, nunha comunidade  
chamada Galicia, nunha  
cidade chamada A Coruña  
e un pobo chamado  
Carballo había un colexio  
que lle chamaban CEIP Fogar.



Os nenos alegres e contentos  
entraban polos portais  
póñense na fila e empezan  
a falar, chegan as clases  
séntanse nas súas sillas  
e poñense a falar e a  
profesora di  
-¿Podedes calar...?



Iván Campos (4º D)

## O CADAVER DAS NOITES

*Un día, unha vella moi rara, foi  
atropelada por un camión de xeados  
mentras cruzaba a estrada. O conductor  
chamou á ambulancia, pero xa estaba  
morta.*

*Ó día seguinte enterraron á vella e a  
súa neta, que estaba enfadada con ela, pisou  
a súa tumba. Agora, cada noite, anda o seu  
espírito por as casas dos nenos para matar á  
súa neta, pero tamén mata aos outros nenos,  
pensando que é a súa neta.*

*Hoxe mira nos armarios e se a ves...  
¡corre!*

**Kevin Recarey (4º C)**

## A festa dos monstros

A bruxa Lolita

Chega co seu brebaxe de mariquita

O Conde Drácola e a Condessa

Chegan moi finos e sentan á mesa

Corre, salta e date présa

Xa case están todos aquí

Corre salta e date présa

Que so faltas ti

O home do saco ten novo o saco

Non quere manchalo e deixalo feito un asco

O home lobo afeitouse o pelo

E da risa con só velo

Corre salta e date présa

Xa case están todos aquí

Corre salta e date présa

Que só faltas ti

Xa chegaron os invitados

Comeremos tarta e emparedados

Adriana Porteiro Sanjurjo 5ºD

## Xunto ao mar

Xunto ao mar exprésbase o vento

coas súas mil maneiras de falar,


algunhas son salpicóns

ao golpearse contra o mar.

A lúa chea sobe a maraa,

é bonito de mirar

e é unha gran maneira  
de exprésalo bo pensar.



Liliana Macarena Decampo Ferreira 5ºB



## UNHA AVENTURA INESPERADA

Paula tiña dez anos pelo longo e castaño e era de estatura media. Un día cando espertou notou que a súa habitación era diferente; explorou toda a casa e notou que tamén cambiaran bastantes cousas. Vestiu-se e saíu á rúa, itodo era diferente! As casas, os coches itodo distinto! E tamén máis moderno, a xente que pasaba por alí vestía moi diferente e levaban uns aparellos parecidos a móbiles que eran moi raros. ¡Parecía que viaxara no futuro! A nena, desorientada preguntoulle a unha señora que pasaba por alí:

- ¿En que ano estamos?

A señora (algo molesta pola pregunta) respondeulle:

-No 2037, ¡mira que non saber en que ano vives!

Paula quedou petrificada ¡viaxara 30 anos ao futuro! A nena pasou todo o día explorando a cambiada cidade e ao anoitecer, foi para a súa casa e axiña quedou durmida. Cando espertou pasou unha cousa que sorprendeu moito a Paula :¡a súa habitación era igual que todos os días, mirou pola ventá e a rúa e a xente, ¡igualiña que sempre!

O que lle pasou a Paula foi todo un soño, porque cos soños pódese viaxar a calquera sitio , así que inunca deixedes de soñar!

Sara Pérez Lantes:



## A pereira e a roseira

*Narrador: Había unha vez unha pereira que pasaba a mañá admirando a beleza da roseira e diciálle*

*Oh, que fermosa es, sempre estas tan fermosa; en cambio eu sempre estou fea e nin as miñas flores me adornan.*

*Roseira: Pois non sei de que te queixas, eu só sirvo para adornar, en cambio a ti quérente pola túa froita que os alimenta; eu non teño froita, esa é unha das túas virtudes. Deberías fixarte máis nas túas virtudes e preocuparte menos dos teus defectos, ao fin e ó cabo beleza encóntrase no interior.*

*Narrador: E así foi como a pereira deixou de ter tanta envexa e ao despreocuparse daquilo a pereira fíxose máis simpática e fixo moitos amigos.*

*Fin*

*Adriana Porteiro Sanjurjo 5º D*

## NICOLÁS COPÉRNICO.



Nicolás Copérnico (Torún, Polonia, 19 de Febreiro de 1473 – Frombork, 24 de maio de 1543). Foi o astrónomo que formulou a primeira teoría heliocéntrica do Sistema Solar. O seu libro, “De revolutionibus orbium coelestium ( das revolucións das esferas celestes), é usualmente concibido como o punto inicial da astronomía moderna.

Entre os grandes eruditos da Revolución Científica, Copérnico era matemático, astrónomo, xurista, físico, clérigo católico, gobernador, administrador, líder militar, diplomático e economista. Debido ás súas extensas responsabilidades, a astronomía figuraba como pouco máis que unha distracción.

Mentras que a teoría heliocéntrica fora formulada por sabios hindús e musulmáns séculos antes ca Copérnico, a súa reiteración de que o Sol (en lugar da Terra) está no centro do Sistema Solar é considerada como unha das teorías máis importantes na historia da ciencia occidental.

### VIDA E OBRA

Estudou na Universidade de Cracovia (1491-1494) baixo as directrices do matemático Wojciech Brudzewski. Viaxou por Italia e inscribiuse na Universidade de Bolonia, (1496-1499), onde estudou Dereito, Medicina, Grego e Filosofía, e traballou como asistente do astrónomo Domenico da Novara.

En 1500 foi a París, onde tomou un curso de ciencias e astronomía, e en 1501 volveu á súa patria e foi nomeado canónigo da Catedral de Frauenburg, cargo obtido grazas á axuda do seu tío Lucas Watzenrode.

Pese ó seu cargo, volveu a Italia, esta vez a Padua (1501-1506), para estudar Dereito e Medicina, pasando unha breve estanza en Ferrara (1503), onde obtivo o grado de Doutor en Dereito Canónico.

Reinstalado definitivamente no seu país (1523) adicouse á administración da Diocese de Warmia, exerceu a Medicina, ocupou certos cargos administrativos e levou a cabo o seu inmenso e promordial traballo no campo da Astronomía.

Morreu o 24 de maio de 1543. No 2005 un equipo de arqueólogos de Polonia afirmou achar os seus restos nunha igrexa do país

Autoras: Ángela Cambón Varela e Ángela García Rodríguez. 6ºB



## “CANTAR DE MIO CID”

Esta obra narra as fazañas do personaxe histórico Rodrigo Díaz de Vivar, (1043-1099). Trátase dunha obra anónima de data descoñecida.

A obra divídese en **tres partes**:

- “Cantar del destierro”: conta como o Cid, leal servidor de Alfonso VI, rei de Castela e León, perde a súa honra ó ser obrigado polo monarca a abandonar Castela, deixando alí a súa familia.
- “Cantar de las bodas”: o Cid conquista Valencia. Así recupera a súa honra e pode reunirse coa súa muller e as súas fillas. Alfonso VI agradecido polos regalos que lle envía o heroe e polos éxitos conseguidos, honra ó Cid casando as súas fillas cos nobles, os infantés de Carrión.
- “Cantar de la afrenta de Corpes”: a voda das fillas do Cid, sen embargo, diminúe a súa honra por segunda vez, por motivos familiares. Os infantés de Carrión son obxecto de burla pola súa covardía. Para vengarse humillan ás fillas do Cid en Corpes e apaléanos brutalmente. O Cid pide xustiza ó rei e os infantés son castigados. Rodrigo recupera a honra de novo.

O domingo 10 de xullo de 1099, morre o Cid Campeador. Toda a cristiandade chorou a súa morte. Coñecida a súa última batalla onde o Cid foi atado a Babieca, o seu cabalo, que a todo galope marchou fronte as tropas, atemorizando ós mouros que pensaban que resucitara.

## Xogos do Cid

- ¿En que ano naceu o Cid? \_ \_ \_ \_  
¿Que significa Cid? \_ \_ \_ ou \_ \_ \_ \_ \_  
Nome do Cid \_ \_ \_ \_ \_  
Nome da esposa do Cid \_ \_ \_ \_ \_  
Nome da espada do Cid \_ \_ \_ \_ \_  
Nome do cabalo do Cid \_ \_ \_ \_ \_  
¿En que ano se casou o Cid? \_ \_ \_ \_  
¿Cantos fillos tivo o Cid? \_ \_ \_ \_  
¿En que época viviu o Cid? Na idade \_ \_  
¿En que mes morreu o Cid? \_ \_ \_ \_ \_  
¿En que ano morreu o Cid? \_ \_ \_ \_

### Solucións:

1099  
Xullo  
Na idade media  
Tres  
1074  
Babieca  
Tizona  
Jimena  
Año ou Señor  
1099

Sofía Puente e  
Alba Vilarif  
6º A

## O Cid (Rodrigo Díaz de Vivar)

O Cid naci no ano 1.043 en Vivar (Burgos). O termo árabe "Cid" significa amo ou señor. Casouse coa filla do conde de Oviedo, Jimena Díaz. Tiveron tres fillos: María, Cristina, Diego. Diego morreu na batalla de Consuegra (Toledo).

O Cid morreu na batalla contra os mouros (árabes). Din que o Cid gañou a batalla contra os mouros despois de morto. Morreu no ano 1.099.

## SOPA DE LETRAS:

S	E	H	B	A	B	I	E	L	A	J
A	F	R	U	D	U	G	J	R	I	O
N	G	L	R	A	I	R	A	M	L	G
I	D	K	G	G	O	V	E	O	N	I
T	I	Z	O	N	A	N	X	U	G	R
S	E	L	S	G	A	H	S	R	O	D
I	G	M	D	A	Y	O	W	O	R	O
R	O	G	D	T	Y	U	W	S	E	R
L	A	R	G	E	U	S	N	O	L	V

Busca as 10 palabras relacionadas co Cid.  
Están en tódolos sentidos.

Ana e Ángela 6ºA

# A COCIÑA GALEGA

Desde hai moitísimos anos os pratos máis típicos da cociña galega son entre outros:


- O marisco. Os máis demandados son, por exemplo, as ameixas, os percebes, as nécoras, as vieiras...
- O polbo. É un dos pratos máis coñecidos de Galicia, hai moitas formas de cociñalo: á feira, en empanada...
- As sardiñas. Cómense sobre todo en San Xoán, acompañadas con cachelos, están riquísimas!
- A tortilla de Pascua. Se alguén se pregunta que é a tortilla de Pascua, é moi sinxelo. Antes, a xente, por Pascua, sempre comía tortilla, por iso se chama tortilla de Pascua.
- As filloas, cómense sobre todo no Antroido, e por suposto, pódense acompañar con orellas.
- Por último, a Queimada. É unha bebida feita con augardente, azucre, mondas de limón e uns grans de café. Cando se queima a augardente dise un "conxuro" para espantar as meigas.

*\*A xente que diga o que queira, pero como en Galicia non se come en ningures!!!*

Nerea Pastoriza Couto  
6º D



# ENCrucILLADO



1. Animal que come as galiñas
2. Todas as casas a teñen
3. Hai epidemias deles no colexio
4. Ave acuática que lle gusta nadar.
5. Xogador de balompé que xoga moi ben e ten os dentes moi grandes.
6. Utilizano para votar.

Daniél García Veira  
4º B

Solucións: 1 raposo, 2 porta, 3 piollo, 4 parrulo, 5 Ronaldinho, 6 Urna, 7 dentes, 8 león

# Acertixos

- 1-Por que en todos os hospitais hai un sacerdote?
- 2-Como se chama en Alemaña ao ascensor?
- 3-Canto tempo se necesita para cocer un ovo duro?
- 4-Pode un home casar coa irmá da súa viúva?
- 5-Que se precisa para encender unha vela?
- 6-Marta e María son irmáns. Marta ten dúas sobriñas que non son sobriñas de María. É posible?
- 7-Nome de varón que contén as cinco vocais
- 8-Uns meses teñen trinta días e outros trinta e un. Cantos teñen vinteito días?
- 9-Dúas irmás, mentira non é, a unha é miña tía, a outra non o sei.
- 10-Que provincia e cidade española hai que escribir con amor?
- 11-Que foi o último que fixo a raíña Isabel a Católica?
- 12-Cal é o día máis longo da semana?

## Solucións:

- 1-Para que os enfermos teñan cura.
- 2-Apreitando o botón.
- 3-Nada, xa está cocido.
- 4-Non, os mortos non se casan.
- 5-Que este apagada.
- 6-Sí, porque as sobriñas de Marta son fillas de María.
- 7-Aurelio, Eulalia, Eufrasio, Eustracio, Gaudencio.
- 8-Todos os días teñen como mínimo 28 días.
- 9-Miña nai.
- 10-Zamora.
- 11-Morren.
- 12-... Ercores, porque é o que ten máis letras.

**Sofía Puente e  
Alba Vilariño  
6ºA**

# ADIVIÑAS

Un paliño moi dereitiño  
e na súa cabeza un sombreiriño.

Solución: *psa*



Adiviña quen son:

Cando Vou;

Veño  
e cando veño;  
Vou

Solución: *ambos*

*Natalia Regueira.  
4ºD*



## Chiste

- Doctor, doctor, creo que  
necesito vitaminas A e B.  
- Está vostede tan pálido,  
que lle vou recetar todo o  
abecedario.

## Poesía

Vamos á praza  
que hai moito que ver,  
cabaliños brancos  
feitos de papel.

## Adiviña

Teño rabo e non  
son can,  
teño cabeza e non  
penso,  
teño dentes e non  
mordo.

¿Quen son? *o lle*

**Andrea Cotelo Pallas**

(4º B)



# Poesías, adiviñas e trabalinguas...

No campo fun nacida,  
meus irmáns son os allos,  
e aquel que chora por min,  
estame partindo en pedazos.

A cebola



Alí e o seu Can,  
foron tomar un Té,  
o que non o adiviñe  
ben tonto é.

Alicante

A amizade é un don  
que se consegue con simpatía  
pero un amigo coma ti  
non se consegue calquer día.



Galiza é a miña terra  
terra de gran fermosura,  
con vilas mariñeiras,  
sen atrancos nin cancelas,  
para a senté forasteira:  
¡Vide a coñecela!

## UNHA DESPEDIDA

Nun principio pensei despedirme do FOGAR e de todos os que me coñecedes a través do xornal do colexio, pero reflexionando un pouco dinme conta de que dos amigos nunca debemos despedirnos, se non que debemos deixar a porta aberta para que esa amizade perdure. Nada hai máis limpo que unha boa e apreciada amizade. Aínda que non estarei con vos nese día a día do que moitos estades xa acostumados, sobre todo despois de 30 anos vivindo nesta vila ben como compañeiro de traballo, ben como profesor ou veciño, a miña esperanza é que non me esquezades de todo, que é o mesmo que eu penso facer.

De calquera maneira non é esta a miña intención, senón que ocórrenseme algunhas palabras que me compracería que tiverades na memoria a partires de agora: compañeirismo, solidariedade, educación e outras moitas semellantes que nos últimos tempos semella que se borrarán do diccionario, de Galiza ou de España.

Xa o veredes co tempo, pero creo que hai que darlle sentido a vosa vida que aínda que poida parecer dura, é ilusionante en todos os estadíos, como estudante, como profesor ou como pai e nai.

A estes últimos quero dirixirme de xeito especial, xa que os fillos son un ben prezado e últimamente escaso, cada vez hai menos familias numerosas, de aí que se tanto valoramos aos nosos fillos, debemos desexar para eles o mellor e isto non consiste en darlles os caprichos ou

comprarlles todo o que queiran ou compracer todas as peticións que nos fagan, hai palabras como ESFORZO, VONTADE, SUPERACIÓN e RESPEITO, que veñen quedando arrinconadas, pouco valoradas ou como se estiveran en desuso, inclinándose polo máis doado, encontrando xustificación para todo aquilo que non queremos facer....Se cadra isto e moitas outras cousas estannos levando a unha sociedade cerrada e pouco dialogante, pouco reflexiva. Cando temos que sentarnos cos nosos fillos para escoitar con tranquilidade cales son os problemas que tiveron con algún amigo ou no colexio, e que é o que queren, actuamos coma seres carentes de reflexión e sano xuízo, enarboramos a bandeira de defensores a ultranza da causa xusta ou inxusta, con razón e sen ela do noso fillo e botámoslle a culpa a calquera, dando rédea solta á máis irracional das actitudes nun adulto, esquecendo que o voso fillo vai a aprender de vos as conductas e a resolución de conflitos..

Non quero ser pesado coas miñas verbas, só recordarvos que seades conscientes de que vos guste ou non a tarefa de educar como pais ou mestres está vinculada a un esforzo común que funciona mellor se todos tiramos na mesma dirección que divididos.

Como espero non marchar deste mundo, senón de Carballo, tentarei saber se efectivamente ides poñer todo o voso empeño para facer deste colexio e dos vosos fillos algo do que poidamos enorgullecernos, e así sentireime reconfortado

Unha aperta



Fernando López Soto